

1 Introducción

Drupal é o que se coñece como un Sistema de Xestión de Contido (Content Management System). Un software que, unido a unha base de datos e instalado a un servidor, permite a creación dun sitio web dinámico no que é moi sinxelo participar e aportar información en forma de texto, imaxe, e ata audio e vídeo. Drupal é un software libre, o que significa que a súa mellora e avance dependen en gran medida da comunidade de usuarios que o utilizan. O contido pode ser clasificado mediante categorías para axudar a outros usuarios a atopar a información que buscan. Esta aplicación permite o traballo colaborativo de distintos roles de usuarios para que, dun xeito uniforme, creen, xestionen, publiquen e actualicen contidos na web.

Crear contidos é tan sinxelo como encher formularios que o usuario pode publicar en diferentes menús (seccións da web) simplemente seleccionando as opcións de saída dispoñibles.

Dentro do proxecto optamos por facer menús mediante taxonomías, (clasificación u ordenación en grupos) vocabulario e termos, así como empregar determinados módulos que permiten un control fiable dos usuarios e os seus Contidos.

2 Acceso (Usando sempre o navegador FIREFOX)

Para acceder a unha web creada con Drupal debemos coñecer varios datos:

1. O primeiro sería coñecer o *endereço web ou URL*(Uniform Resource Locator: localizador uniforme de recursos), da páxina web do centro ao que queremos acceder. Unha vez coñecido o endereço, xa podemos visitar e ver o que nesa páxina estea exposto.
2. Pero para poder participar activamente da páxina, creando contidos tamén nela, deberemos coñecer os datos de acceso que son:
 - *Nome de usuario*
 - *Contrasinal*



Se por calquera razón non temos nos menús o *acceso*, escribimos o seguinte:

<http://www.edu.xunta.es/centros/paxina-do-centro/?q=user/>

Unha vez que teñamos iniciada a sesión podemos acceder aos nosos *datos de usuario e personalizalos*.






3 Personalización do sitio

Para personalizar o noso sitio comezamos elixindo unha plantilla en *Adminsitrar* → *Construcción da páxina* → *Plantillas* (Plantilla pública: aparencia gráfica o estilo de nuestra web)


Plantilla ou tema activo: tema disponible para el usuario.

Plantilla o tema por defecto: tema usado actualmente.



Captura de pantalla	Nome	Activado	Por defecto	Operacións
	B7 Brown: themes/b7/B7 Brown	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	
	B7 Green: themes/b7/B7 Green	<input type="checkbox"/>	<input type="radio"/>	

Tamén podemos configurar aquí, entre outros, que apareza a caixa de búsqueda, o logotipo personalizado, o favicon (favorites icon), etc.



Plantillas

[Lista](#) [Configurar](#)

Configuracións globais | [aurora](#) | [b7](#) | [forest](#)

Estas opcións controlan as opcións predefinidas de visualización que se empregan nun tema en concreto, son as opcións que se empregan para


Cambiar a visualización

Amosa ou non certos elementos nas páxinas.

- Logo
- Nome do sitio
- Eslogan do sitio
- Frase coa misión
- Foto do usuario nos seus envíos
- Foto do usuario nos seus comentarios
- Caixa de busca
- Icona de acceso rápido

4 Crear contido

Dentro do menú do usuario tamén podemos atopar un enlace que pon: *Crear contido*. Premendo sobre este enlace accederemos a unha páxina onde se listan os tipos de contidos podemos empregar.



Os tipos de contidos que aparecen por defecto son os seguintes:

Páxina. Este tipo de contido é o máis básico. Sería para crear un contido onde a información que imos a ofrecer é mínima. Un bo exemplo sería unha páxina onde describimos brevemente que tipos de contidos serán os que se atopen na sección que estemos visitando.

Historias. Este tipo de contido é o máis apropiado para a creación das nosas páxinas, onde podemos publicar unha cantidade máis extensa de información.

Imaxe. Este tipo de contido permite subir unha imaxe á web, de forma que nos vai a crear unha miniatura da imaxe orixinal e permite introducir un texto descritivo da mesma. Unha vez publicada a imaxe, o visitante poderá ver a miniatura da imaxe así como a descripción e premendo sobre esta miniatura poderá acceder á imaxe orixinal.

Existen outros tipos de contidos que de partida non estarán dispoñibles para o usuario do espazo Web, a non ser que o administrador do centro lle otorgue permisos para poder crealos. Estes outros tipos de contido son:

Audio: permite a subida de arquivos de audio, MP3 por exemplo, para a súa reprodución directamente na web (streaming).

Eventos: contidos que aparecerán marcados no calendario.

Libros colaborativos: para a creación dun contido entre varios autores.

Páxinas de blogues: para a creación de blogues individuais dos usuarios do espazo (blog).

Formulario: para a recepción de datos dos visitantes.

Enquisas: para recoller información de votacións.

Foros: para a participación en debates.

The screenshot shows a Drupal administration interface. On the left is a sidebar menu with four main sections: 'webmaster', 'O centro', 'Profesorado', and 'Alumnado'. The 'webmaster' section is expanded, showing options like 'A miña conta', 'Crear contido', 'Artigo do blogue', 'Book page', 'Evento', 'Historia', 'Imaxe', 'Páxina', 'Webform', 'Feed aggregator', 'Administrar', and 'Saír'. The 'O centro' section shows 'Dependencias', 'Localización', 'Organigrama', 'Consello escolar', 'Profesorado', and 'Secretaría'. The 'Profesorado' section shows 'Profesional' and 'Reunións'. The 'Alumnado' section shows 'Deportes'. The main content area on the right is titled 'Inicio' and contains definitions for 'Artigo do blogue', 'Book page', 'Evento', 'Historia', 'Imaxe', 'Páxina', and 'Webform'. The 'Páxina' definition is highlighted with a red box. A mouse cursor is visible over the 'Book page' definition.

webmaster

- A miña conta
- ▼ **Crear contido**
 - Artigo do blogue
 - Book page
 - Evento
 - Historia
 - Imaxe
 - Páxina
 - Webform
- ▶ Feed aggregator
- ▶ Administrar
- Saír

O centro

- Dependencias
- Localización
- ▼ **Organigrama**
 - Consello escolar
 - Profesorado
- Secretaría

Profesorado

- Profesional
- Reunións

Alumnado

- Deportes

Inicio

Artigo do blogue
Un blogue é unha especie de diario actualizado regularmente e composto de envíos individuais que se mostran en orde cronolóxico inverso. Un blogue está estreitamente ligado ó seu autor, polo que cada usuario ten o seu propio blogue.

Book page
A *book page* is a page of content, organized into a collection of related entries collectively known as a *book*. A *book page* automatically displays links to adjacent pages, providing a simple navigation system for organizing and reviewing structured content.

Evento
Events have a start date and an optional end date as well as a teaser and a body. They can be extended by other modules, too.

Historia
As historias son artigos na súa forma máis sinxela: teñen un título, un subtítulo e un corpo, aínda que outros módulos poden extendelo. O subtítulo tamén é parte do corpo. As historias pódense empregar como bitácora persoal ou para artigos de noticias.

Imaxe
Unha imaxe (con miniatura). Este contido é ideal para publicar fotografías ou capturas de pantalla.


Páxina
Se desexa engadir unha páxina estática, como unha páxina de información de contacto ou con información sobre os autores, empregue unha Páxina.

Webform
Crea un novo formulario ou cuestionario accesible para os usuarios. Os resultados do envío e as estatísticas quedan recollidas e accesibles segundo os privilexios dos usuarios.

Para crear un contido tipo **Páxina** deberemos entrar na Web como usuario autenticado e dende o [menú](#) do usuario premeremos sobre o enlace '**Crear contido > Páxina**'. O 95% por cento das nosas publicacións van ser desta índole, tipo *Páxina*.

5 Editar contido

Unha vez que no novo contido xa *introducimos o título e especificamos o destino* de publicación, podemos empezar a *introducir información no Corpo*.



O elemento fundamental na composición de calquera tipo de nova en Internet será o TEXTO. Para a edición do texto no corpo contamos cunha *ferramenta de texto enriquecido TinyMCE* (TinyMCE es un editor de texto WYSIWYG para HTML de código abierto que funciona completamente en JavaScript y se distribuye gratuitamente bajo licencia LGPL) que nos permite dun xeito sinxelo e básico establecer diferentes formatos aos caracteres e/ou párrafos.

Nos seguintes puntos detallaremos cada un destes elementos dentro da sección de edición que lle correspondan. Así veremos:

- Formato de caracteres.
- Formato de párrafo.
- Creación de hiperenlaces.
- Estilos.
- Inserir imaxes.
- Inserir táboas.
- Separar páxinas.
- Outros: cortar-copiar-pegar.
- Inserir e editar medio embebido (Flash)

Por exemplo, imos ver como se inserta un enlace e como imos insertar tamen un vídeo de YouTube.


Imos logo insertar un enlace na páxina de Benvida. Para elo accedemos a nosa páxina *picando en acceso*, e logo *picamos en Benvida*. Apareceranos o seguinte:



The screenshot shows the Drupal administration interface. On the left, there is a sidebar with a user menu for 'admin' and a 'O centro' menu. The main content area displays the 'Benvida' page in edit mode. At the top, there are three tabs: 'Ver', 'Editar', and 'Fora de liña'. The 'Editar' tab is selected and highlighted with a red box. Below the tabs, the page content reads: 'Benvidos ao novo sitio de Webs dinámicas!', 'Sitio web do CENTRO EDUCATIVO.', and 'Espazo de probas de Ignacio'. A link 'Versión para ir' is visible in the bottom right corner.

Facemos clic na pestana *Editar*, e pasamos ao modo edición. O modo de edición non é máis que un formulario, onde na parte nombrada como *Corpo*, imos editar a páxina como se fora unha folla dun procesador de texto.


Escribimos o texto que vemos na figura seguinte, e seleccionamos **La Voz de Galicia**




The screenshot shows the Drupal WYSIWYG editor. The 'Corpo' field is active, and the text 'Desde esta páxina abriremos unha fiestra para ler o xornal La Voz de Galicia' is displayed. The 'La Voz de Galicia' text is highlighted in orange. The editor toolbar is visible at the top, with the 'Insertar ou eliminar enlaces' button highlighted by a red box. The status bar at the bottom shows the path 'Ruta: p » span' and the option 'Disable rich-text'.

Picamos logo na icona de enlaces do editor.





Pegamos na caixa do URL do enlace o link da páxina web da Voz de Galicia.




En Obxectivo, se queremos que se abra unha nova ventá para vela, temos que por o seguinte:




Picariamos logo en *Insertar* e despois na páxina en *Enviar*.

Para insertar un vídeo de YouTube, copiamos antes a URL do vídeo de YouTube, e logo picamos na icona do editor referente aso medio embebidos.



Picamos en *Insertar*, e logo non esquecer picar na páxina o botón *Gardar*.




Se temos ubicado este contido en calquera outro lugar da nosa web, e queremos promocionalo na comezo da páxina principal, temos que activar, antes de *Gardar*, *Promocionado á páxina principal* e *Pegañoso no comezo das listas*.

O resultado sería o seguinte:

The screenshot shows a Drupal website interface. On the left is a sidebar menu with categories: 'O centro' (with sub-items: Dependencias, Localización, Organigrama, Secretaría), 'Profesorado' (with sub-items: Documentos, Profesional, Reunións), 'Alumnado' (with sub-items: Deportes, Música, Radio patio, Taboleiro), 'Pais/Nais' (with sub-items: Actividades, ANPA, Novas), 'Discoteca' (with sub-items: Country, Jazz), 'Asesor Informático' (with sub-item: Abalar), and 'Ludoteca' (with sub-item: Bar). The main content area has a header 'Benvinda' and a sub-header 'Benvidos ao novo sitio de Webs dinámicas!'. Below this is a video player for 'Black Jack Opening 3 - Fantastic' with a play button and a progress bar. The video player shows a character with a play button overlay and Japanese lyrics: '色褪せない想いを寄せて I gather my feelings whose colors never fade,'. Below the video player, there is text: 'Espazo de probas de Ignacio' and 'Desde esta páxina abriremos unha fiestra para ler o xornal La Voz de Galicia'.

A edición de texto debe facerse con texto puro, e dicir, sen formato Así evitaremos tediosos problemas á hora de editar a web DRUPAL. Para limpiarl o código html, que en moitas ocasións é unha fonte de problemas, picamos na icona do editor “Limpiar lixo no código”.



6 Configuración do artigo

En Configuración do artigo establecemos o corte dos envíos demasiado longos. Refírese ao contido dunha páxina, pero de texto. Se tedes vídeos ou fotos, para que se poidan ver hai que porlles polo menos un título, e así Drupal pode detectar a lonxitude de texto. Se non facemos isto, ocultará os vídeos e as fotos. Establécese así a liña de pliegue.

Administrar → Administración do contido → Configuración do artigo

The screenshot shows the 'Configuración do artigo' settings page in Drupal. The page title is 'Configuración do artigo' and the breadcrumb is 'Inicio > Administrar > Administración do contido'. The main heading is 'Configuración do artigo' and the sub-heading is 'Estado do nodo de acceso'. The page contains several sections: 'Reconstruíndo permisos' (with a button), 'Número de envíos na páxina principal:' (with a dropdown menu set to '10'), 'Lonxitude dos envíos recortados:' (with a dropdown menu set to 'Ilimitado'), and 'Vista previa do envío:' (with radio buttons for 'Opcional' and 'Obrigatorio'). The 'Opcional' radio button is selected. Below these sections are two buttons: 'Garda-la configuración' and 'Restaurar cos valores predeterminados'.

Os cambios feitos en Configuración de artigo só son efectivos no contido creado e editado despois de facelos. Para que sexan efectivos no contido xa feito temos que editalos de novo.

7 Subida de arquivos, extensións e tamaño

Administrar → Configuración da páxina → Subida de arquivos

Aquí podemos definir as extensións dos arquivos que podemos subir. Tamén podemos establecer o tamaño dos arquivos que podemos subir, e o tamaño máximo de todos os arquivos cun usuario poder ter no sitio. Debo facelo só o Administrados da web.

Inicio » Administrar » Configuración da páxina

Subidas de arquivos

▼ Configuración xeral

Resolución máxima para as imaxes cargadas:
 ANCHOxALTO
O tamaño máximo permitido para as imaxes (p.e 640x480). Defínalo como 0 se non quere restriccións

Amosar ficheiros por defecto:

Define se os ficheiros adjuntos aos nodos débense amosar ou non na vista de nodo de maneira predeterminada.

Extensións de arquivo permitidas por defecto:

Extensións por defecto que os usuarios poden subir. Separe as extensións con un espacion e non inclúa o punto final.

Tamaño máximo de arquivo por defecto para subir.:
 MB
O tamaño máximo de arquivo por defecto que un usuario pode subir.

Tamaño total do arquivo por defecto por usuario.:
 MB
O tamaño máximo predefinidos para tódolos ficheiros que un usuario pode ter no sitio.

A configuración de PHP limita o tamaño máximo de arquivo para subir a 402 MB.

- ▶ Configuracións para administrador
- ▶ Configuracións para profesorado
- ▶ Configuracións para rol_ignacio
- ▶ Configuracións para rol_martin

8 Taxonomía (Categorías)

Este apartado debe asumilo só o Administrador da web.

Para crear unha categoría imos a *Administrar* → *Administrar contido* → *Taxonomía* (Vocabulario e Termos)

Engadimos *VOCABULARIO*, por exemplo: *Lecer*, e activamos os tipos de contido que estimemos oportuno (Artigo do blogue, Book page, Imaxe, Páxina); tamén *Synchronise changes to this vocabulary* e *Auto expand menu items*. Non esquecer *Gardar*. Engadimos tamén *TERMOS*: Fútbol, Xadrez, Ábaco.

Taxonomía

Lista Engadir vocabulario

The taxonomy module allows you to categorize your content using both tags and administrator defined terms. It is a flexible tool for classifying content by terms or tags. You can create one free-tagging vocabulary for everything, or separate controlled vocabularies to define the various properties of content.

Use the list below to configure and review the vocabularies defined on your site, or to list and manage the terms (tags) they contain. A vocabulary, and, if so, will be displayed when creating or editing posts of that type. Multiple vocabularies tied to the same content type will be displayed in the handle under the *Name* column and drag it to a new location in the list. (Grab a handle by clicking and holding the mouse while hovering over a handle.)

Nome	Tipo	Operacións
+ Actividades	Webform, Páxina, Historia, Book page, Artigo do blogue	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Alumnado	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Biblioteca	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Departamentos	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Image Galleries	Imaxe	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Lecer	Páxina, Imaxe, Book page, Artigo do blogue	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ O centro	Webform, Páxina, Historia, Book page, Artigo do blogue	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Pais/Nais	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Profesorado	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos
+ Revista escolar	Artigo do blogue, Book page, Páxina, Historia, Webform	editar vocabulario lista de termos engadir termos

Lecer é un simple vocabulario (categoría). Pode organizar os termos do vocabulario Lecer empregando as asas á esquerda da táboa, desplazándoas hacia arriba ou abaixo. Para cambiar o nome ou a descrición dun termo, prema na ligazón Editar á beira do termo.

Inicio » Administrar » Administración do contido » Taxonomía

Terms in Lecer

Lista Engadir termo


Lecer is a flat vocabulary. You may organize the terms in the Lecer vocabulary.

Nome	Operacións
+ Ábaco	editar
+ Fútbol	editar
+ Xadrez	editar


Asas

9 Creando os menús

Para crear os menús imos a *Administrar* → *Construcción da páxina* → *Menús*



Engadimos o menú, neste caso Lecer (*Menu name* en minúsculas e título como queiramos); logo, imos de novo a *Taxonomía* (editar vocabulario) (*Administrar* → *Administrar contido* → *Taxonomía*) e habilitamos o menú na categoría correspondente, neste caso Lecer, en *Menu location*. Non esquecer picar finalmente en *Gardar*.



O habilitar o menú da categoría na *Taxonomía*, creanse automaticamente os menús dos termos asociados ao vocabulario Lecer, é dicir, os menús de Fútbol, Xadrez e Ábaco.

Tamén crease automaticamente *el bloque* correspondiente en *Administración* → *Construcción da páxina* → *Bloques*, en *Desactivado*. Activámolo arrastrándoo (drag and drag) con as asas da esquerda, e colocándoo na barra lateral que dexesamos. Non esquecer logo *Garda-los bloques*.

Logo creamos todos os permisos de acceso para todos os contenidos en cada rol, onde están definidos os privilexios dos grupos de usuarios, entre os que podemos lembrar os de usuarios anónimos, autenticados, administradores, profesores, etc.. Isto facémolo en *Administrador* → *Mantenemento de usuarios* → *Taxonomy access permissions*.

Para os grupos de usuarios anónimos e autenticados tiña que quedar así:

Inicio » Administrar » Mantenemento de usuarios » Taxonomy access permissions

Grants for anonymous user

Categoría	Ver			Actualizar			Borrar			Create	Lista
	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
Global	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
<input type="checkbox"/> <i>default</i> can't be disabled without disabling TAC for this role	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Actividades	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
Lecer	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
<input type="checkbox"/> Ábaco	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Fútbol	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Xadrez	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Para o grupo de usuarios administradores tiña que ser así:

Lecer	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
<input type="checkbox"/> Ábaco	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Fútbol	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Xadrez	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

Para engadir os novos permisos de acceso á taxonomía facémolo no fondo desta páxina (*Taxonomy access permissions*).

New

	A	I	D	A	I	D	A	I	D		
<input type="checkbox"/> <i>*default*</i>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> with children Add child terms recursively with these values.	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Buttons: Delete selected, Save all

Cada vocabulario mostra unha lista dos termos dentro del, cada un con cinco tipos de permisos: Ver, Actualizar, Eliminar, Crear e Lista (A – Allow – Permitir, I – Ignore – Ignorar, D – Deny – Denegar).

Non esquecer despois de añadilos picando en *Add*, picar finalmente en *Save all*.

O usuario **anonymous** NUNCA DEBERÁ TER MARCADAS AS OPCIÓN DA COLUMNA **CREATE**.

Tanto o usuario **anonymous** como o usuario **authenticated** deben ter quitados os permisos *Create*.

Sempre que fagamos unha nova taxonomía temos que engadirlle os permisos oportunos para poder seleccionala logo no formulario de edición e creación de contidos.

10 Mantenemento de usuarios

Para engadir un usuario imos a

Administrar → Mantenemento de usuarios → Usuarios

Despois de introducirille un nome de usuario e contrasinal, temos que asignarlle un rol e, se cadra, notificarlo vía e-mail ao usuario da conta nova.

NOTA: As notificacións de correo electrónico só funcionan para os enderezos do correo corporativo (@edu.xunta.es). Esta restricción non é do propio Drupal, senón do servidor onde a aplicación está instalada (<http://www.edu.xunta.es>)

En *Administrador* → *Mantenemento de usuarios* → *Configuración de usuarios*


podemos configurar como crear unha conta nova, desaconsellando o uso da segunda opción, *Os visitantes poden crear contas novas, e non se precisa aprobación do administrador*. Para usar a opción *Os visitantes poden crear contas novas, pero se necesita a aprobación dun administrador* debemos activar *Requerir a verificación de e-mail cando un visitante crea unha conta*.

Para máis información ver a Aula virtual aberta do Proxecto Webs Dinámicas:

<http://www.edu.xunta.es/centros/websdinamicas/aulavirtual/>

11 Galería de imaxes (Coppermine)

Para acceder á galería de imaxes facemos clic co rato en *Galería* na nosa web:



Logo facemos clic en *Ingresar*:



Galería - Administración e uso de Coppermine 1.6

<https://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/course/view.php?id=50>

Aula Aberta Webs Dinámicas

<http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/aulavirtual/>